

## **ORDENANZA Nº 12 REGULADORA DA TAXA POLA ENTRADA DE VEHICULOS A TRAVES DE BEIRARRUAS.**

### **Art. 1º. Fundamento e natureza.**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e de conformidade co disposto no RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, este Concello acorda a imposición e ordenación da Taxa por utilización privativas ou aproveitamentos especiais que se deriven de entradas de vehículos a través de beirarrúas e as reservas de vía pública para aparcamento exclusivo, carga e descarga de mercadorías de calquera clase.

### **Art. 2º. Suxeitos pasivos.**

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades as que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, que disfruten, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular, consonte algún dos supostos citados no artigo primeiro.

2. Terá a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte os propietarios dos terreos e locais ós que dean acceso ditas entradas de vehículos.

### **Art. 3º. Responsables.**

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

### **Art. 4º. Cota tributaria.**

(incremento IPC Xeral dende xaneiro de 2012 ata xullo de 2013: 3,4 %):

Artigo 4º. Cota tributaria.

Por cada metro lineal ocupado ..... 9,79 €/ano.

### **Art. 5º. Obriga de pago.**

1.- A obriga de pago nace:

a) Tratándose de concesións de novos aproveitamentos da vía pública, no momento de solicitar a correspondente licencia.

b) Tratándose de concesións de aproveitamentos xa autorizados, o día primeiro de cada un dos períodos naturais de tempo sinalados na tarifa.

2.- O pago da taxa efectuarase:

a) Tratándose de concesións de novos aproveitamentos por ingreso unha vez concedida a correspondente licencia ou autorización.

b) Tratándose de concesións de aproveitamentos xa autorizadas e prorrogadas:

unha vez incluídas no padrón correspondente, no prazo que se sinale no edicto de exposición pública do padrón.

#### **Art. 6º. Beneficios fiscais.**

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

#### **Art. 7º. Xestión.**

- As persoas ou entidades interesadas na concesión ou autorización para realiza-los aproveitamentos sobre o dominio público municipal ó que fai referencia esta taxa deberán presentar unha solicitude achegándolle un plano, o detalle da superficie do aproveitamento e da súa situación dentro do termo municipal.

- Autorizada a prestación do servizo entenderase prorrogado mentres non se presente a declaración de baixa polo interesado. Esta autorización é concedida a precario pudiendo revogarse libremente polo órgano concedente.

- Cando remate a necesidade do aproveitamento os suxeitos pasivos formularán as declaracións de baixa no padrón da taxa e surtirá efectos no período natural seguinte ó da súa presentación. A non presentación da baixa determinarán a obriga de continuar aboando a taxa.

#### **Art. 8º. Infraccións e sancións.**

Nesta materia estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria e normativa de desenvolvemento.

#### **DISPOSICION FINAL:**

DISPOSICION DEROGATORIA.

Queda derogada a anterior ordenanza nº 12 reguladora da taxa pola entrada de vehículos a través de beirarrúas.

#### **DISPOSICIÓN FINAL.**

A presente ordenanza foi modificada en Pleno de 26 de setembro do 2013 entrará en vigor e producirá efectos a partir da data da súa publicación definitiva no BOP de Lugo nº 280 de 7 de decembro do 2013 permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.